



XOVES  
I+D+i

Estimado/a amigo/a:

Galicia acollerá en novembro a **8ª Conferencia do Programa Marco de Investigación e Innovación da Unión Europea en España** baixo o título **“Horizonte 2020: Primeiras experiencias e resultados”**. O evento, organizado polo [Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial \(CDTI\)](#) e o [Ministerio de Economía e Competitividade](#) co apoio da [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) e a [Comisión Europea](#), terá lugar o 25 de novembro no Pazo de Exposicións e Congresos da Coruña (PALEXCO).

No encontro analizaranse as primeiras experiencias de participación española nas convocatorias do programa Horizonte 2020, co obxectivo de optimizar esta participación en vindeiras convocatorias. Así mesmo, expóranse as principais novidades que presenta o programa co obxectivo de achegar a investigación ao mercado.

Por último, o evento servirá para analizar as grandes oportunidades que ofrece Horizonte 2020 para o noso país, así como as medidas de apoio postas en marcha polas Administracións para impulsar a participación e o liderado de proxectos por parte de entidades españolas.

Para máis información sobre o evento, así como acceder ao programa preliminar, podes consultar a seguinte páxina web: [www.cdti.es/ConferenciaH2020](http://www.cdti.es/ConferenciaH2020). Aínda non está dispoñible o sistema de inscrición, non obstante, se estás interesado en asistir, anota e reserva a data.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o vindeiro xoves!